

**ACORDO DE CONDICIÓNS DE TRABALLO DO PERSOAL DO GRUPO I, CATEGORÍA 40,
TITULADOS/AS SUPERIORES LINGÜISTAS QUE PRESTAN SERVIZOS NA SECRETARÍA XERAL
DA LINGUA**

Unha vez que concluíron os procesos selectivos, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso ou de concurso-oposición, para o ingreso na categoría 40 do grupo I de persoal laboral da Xunta de Galicia, titulado/a superior lingüista, convocados polas resolucións do 22 de decembro de 2022 (DOG núm. 244, do 26 de decembro, e DOG núm. 245, do 27 de decembro), modificadas pola Resolución do 20 de xaneiro de 2023 (DOG núm. 15, do 23 de xaneiro) e pola Resolución do 6 de febreiro de 2023 (DOG núm. 26, do 7 de febreiro), e que se realizou o acto de elección de destino definitivo previsto na Resolución do 12 de xuño de 2026 (DOG núm. 114, do 19 de xuño), de conformidade co disposto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e demais normas concordantes, e logo de nomear como persoal laboral fixo da Xunta de Galicia ao persoal que superou este proceso, debido ás singulares condicións destes postos procede acordar cos representantes do colectivo afectado as condicións de traballo que se indican a continuación para organizar a súa prestación de servizos segundo as necesidades da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, con base nas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do acordo

O presente acordo ten como finalidade regular as singulares condicións de traballo do persoal incluído no seu ámbito de aplicación. Especialmente, regula as condicións concretas da prestación dos servizos que vai desenvolver e o incremento da súa xornada de traballo segundo as necesidades que xurdan da oferta da actividade formativa derivada dos acordos ou convenios subscritos cos diversos organismos e entidades.

SEGUNDA. Ámbito de aplicación

Este acordo aplícaselle a todo o persoal do grupo I, categoría 40, do V Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia que preste os seus servizos na Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e abrangue o persoal laboral fixo, o laboral indefinido e o persoal laboral temporal deste grupo e categoría que

preste servizos na Secretaría Xeral da Lingua.

TERCEIRA. Prestación de servizos

A pesar de que non se trata de postos de traballo a distancia segundo o establecido no artigo 13 do Estatuto dos traballadores, o persoal incluído no ámbito de aplicación deste acordo prestará os seus servizos en réxime de teletraballo como se viña facendo ata agora, e acudirá a realizar as probas de avaliación, a formación presencial e outras actividades que requiran a súa presenza, nas mesmas condicións que ata agora.

Por razóns organizativas, a Secretaría Xeral da Lingua determinará un horario de referencia para o desenvolvemento da xornada en liña.

Con carácter xeral, cada persoa traballadora, impartirá dous (2) cursos na modalidade de teleformación. No caso dos cursos presenciais, determinarase a casuística no momento da aprobación do plan de formación anual, dentro da súa xornada a tempo parcial.

CUARTA. Xornada de traballo

Unha parte da actividade formativa desenvolvida pola Secretaría Xeral da Lingua realízase mediante convenios con outras entidades e administracións que financian esta actividade. Trátase, por tanto, dun financiamento ocasional que non permite crear postos na Relación de Postos de Traballo (RPT) ou, de ser o caso, modificar os postos actuais converténdoo en postos da escala de xornada completa.

Tendo en conta que os postos deste colectivo son de carácter non continuo, a media xornada, e por un período máximo de sete meses ao ano, a súa xornada incrementarase cando sexa preciso para desenvolver a actividade formativa conxuntural derivada dos acordos e convenios coas diferentes entidades e administracións que formalice a Secretaría Xeral da Lingua –con excepción daquelas actividades formativas para as que as entidades ou administracións concertantes acheguen o seu propio profesorado–, de xeito que se poderá acadar unha xornada completa diaria ou semanal, e incrementarase, se for preciso, o período de actividade que exceda dos sete meses anuais de actividade que figuran na RPT, sempre que se respecte o límite de non acadar unha xornada en cómputo anual a tempo completo.

O artigo 12 do Estatuto dos traballadores establece a obriga da persoa empresaria de informar as persoas traballadoras da posibilidade de incrementar o tempo de traballo segundo o procedemento que estableza o convenio de aplicación. No V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia non se establece ningunha previsión neste sentido, polo que resulta aplicable este precepto de dereito necesario.

Este incremento de xornada está absolutamente condicionado a que se subscriban acordos ou convenios para o desenvolvemento desta actividade conxuntural, así como ás necesidades derivadas do plan anual de formación da Secretaría Xeral da Lingua das que se derive un incremento da actividade non cuberto polo período de actividade establecido na configuración destes postos na RPT.

As horas nas que se incrementa a xornada terán a condición de horas complementarias, segundo o establecido no artigo 12.5 do Estatuto dos traballadores, e este acordo será título suficiente para exixirle a súa realización ao persoal incluído nel.

QUINTA. Chamamento para o inicio dos períodos de actividade

Con antelación suficiente para facilitar a incorporación do persoal ao inicio do período de actividade realizarase o chamamento do persoal laboral fixo, laboral indefinido e, de ser o caso, laboral temporal que estea ocupando os postos de traballo da RPT, como se está a facer na actualidade. No momento da incorporación rematará o período de suspensión da súa actividade.

Neste momento do chamamento, en función do volume de traballo, se existe actividade formativa concertada coas diferentes entidades e administracións, determinarase que a xornada se realice a tempo completo ou parcial, como se está a facer actualmente, así como a súa prolongación temporal ata o inicio do período de suspensión, aínda que se superen os sete meses previstos na RPT.

As persoas obxecto de chamamento serán exclusivamente as que están a ocupar os postos da RPT, ben na condición de laboral fixo, ben na de laboral indefinido ou, de ser o caso, na de laboral temporal.

No caso de precisarse a cobertura de postos vacantes ou a substitución dalgunha das persoas que están adscritas aos postos da RPT, acudirase ao procedemento xeral establecido a través das listas establecidas no Decreto 37/2006, do 2 de marzo, polo que se regula o nomeamento de persoal interino para o desempeño con carácter transitorio de prazas reservadas a persoal funcionario e a contratación temporal de persoal laboral da Xunta de Galicia. Ante a ausencia de persoal adecuado nas listas, a provisión destes postos realizarase conforme o procedemento que autorice a consellería competente en materia de Función Pública.

SEXTA. Exclusión expresa de condición máis beneficiosa.

As condicións de traballo determinadas no presente acordo teñen a vixencia temporal que se determina na cláusula sétima e non supoñen o recoñecemento de condición máis beneficiosa con carácter definitivo respecto do réxime laboral establecido no V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia nin da normativa xeral que resulte de aplicación.

SÉTIMA. Vixencia

O presente acordo entrará en vigor ao día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2027. Prorrogarase anualmente, agás denuncia deste por algunha das partes asinantes cunha antelación mínima de seis meses á da data de vencemento do prazo inicial ou de calquera das súas prórrogas.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O secretario xeral da Lingua	O/a representante legal das persoas traballadoras Presidente/a do Comité Intercentros	Visto e prace A secretaria xeral técnica
Valentín Gómez García	Xxxxxxxxxx	Elvira M.ª Casal García